

# APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



## MARÍA BARBEITO CERVIÑO

(A Coruña 1880 - A Coruña 1970)

Foi unha mestra, pedagoga,  
tradutora, escritora, divulgadora,  
sendo a introdutora  
do método Montessori en Galicia,  
onde a liberdade e a autoaprendizaxe  
do alumnado toman un papel central.

Ilustracións: Tania Solla  
Textos: Polo Correo do Vento

Desenvolveu a maior parte da súa carreira na cidade da Coruña,  
onde foi mestra e directora dun centro educativo. Máis tarde  
converteuse en inspectora de educación, escribiu en xornais,  
foi autora de publicacións como *Países e Escolas* e promotora  
de iniciativas asistenciais como Pinga de leite.  
Tamén foi membro do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos.

E ti, queres saber máis?

“A escola baséase no respecto ás xentes, na fraternidade e na igualdade”.

# MULLERES GALEGAS

## palabras

Esta frase de María Barbeito resume súa vida profesional e persoal.

Volve ler a frase e dálle ao miolo...

Non cres que seguindo as ensinanzas de María Barbeito teríamos un lugar onde vivir moito mellor?

Cita un exemplo de respecto entre as xentes e constrúe unha frase coa palabra **respecto**.

Que é a **fraternidade**? E a **sororidade**?

Atopa estes termos no dicionario e constrúe unha frase con cada unha destas palabras.

E que é a **igualdade**?

Estes exercicios están promovidos pola Secretaría Xeral da Igualdade. Cal será o obxectivo principal desta administración? Fai unha frase coa palabra igualdade.

Sabías que  
María Barbeito creou  
unhas bibliotecas escolares  
para que as mestras  
e o alumnado  
puidesen ter acceso  
a libros e publicacións?

# MULLERES GALEGAS

colorea



*Ensinar é unha das  
mellores maneiras de aprender.*

María Barbeito Cerviño

Neste encrucillado aparecerán agochados diferentes termos relacionados coa vida de María Barbeito Cerviño.

# MULLERES GALEGAS


encrucillado

## Horizontais:

- 1 Foi unha defensora da igualdade das .....
- 3 Foi membro do ..... Padre Sarmiento.
- 8 Autora da obra "..... e Escolas" na que comparaba distintos sistemas educativos
- 10 Traballou como ..... de educación.
- 12 Promotora da campaña Nen@s descalz@s para que todos os nenos e nenas tivesen.....

## Verticais:

- 1 Trouxo o método ..... a Galicia
- 3 Promoveu o movemento "Pinga de ....."
- 7 Recoñecida como .....



María Barbeito escribiu artigos en xornais e deu conferencias nas que denunciou a situación da muller.

# MULLERES GALEGAS

## denuncia

Na conferencia "La Mujer antes, ahora y después", pronunciada na Coruña no ano 1934, amosa a desigualdade sufrida polas mulleres.

Estas son **catro situacións que denunciou** María Barbeito naquela conferencia:

Perda de nacionalidade da muller española que case cun estranxeiro.

A muller non pode viaxar sen o permiso do marido.

O marido administra os bens da muller.

A muller non pode adquirir ou vender sen o permiso do marido.

Que opinas desta situación?

Investiga se hai algún país na cal as mulleres non teñan os mesmo dereitos ca os homes. Fai unha carta pedindo ás autoridades que muden as súas leis por outras nas que prime a igualdade.

María Barbeito  
foi promotora de diversas  
iniciativas asistenciais  
para mellorar a sociedade.

# MULLERES GALEGAS

relaciona

Nestas columnas están desordenadas, polo que terás que unir  
con frechas cada iniciativa co seu fin.

**Pinga de leite**

Doazón de calzado adecuado  
para nenos e nenas.

**Comedor e roupeiro  
da Guarda**

Subministro de leite para o alumnado.

**Casa-berce**

Residencia para nais e a súa descendencia.

**Festa da flor**

Servizo de roupeiro e comedor  
saudable no cole.

**Nen@ descalz@**

A cambio dunha flor, ofrécese un donativo  
para a loita contra unha enfermidade.



Comproba  
as túas  
actividades.

# MULLERES GALEGAS

soluciona

encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1	M	U	L	L	E	R	E	S			
2	O		E								
3	N		I	N	S	T	I	T	U	T	O
4	T		T								
5	E		E							C	
6	S									O	
7	S						M			R	
8	O		P	A	I	S	E	S		U	
9	R						S			Ñ	
10	I	N	S	P	E	C	T	O	R	A	
11							R				
12			C	A	L	Z	A	D	O		

relaciona

**Pinga de leite** - Subministro de leite para o alumnado.

**Comedor e roupeiro da Guarda** - Servizo de roupeiro e comedor saudable no cole.

**Casa-berce** - Residencia para nais e a súa descendencia.

**Festa da flor** - A cambio dunha, flor ofrécese un donativo para a loita contra unha enfermidade.

**Nen@ descalz@** - Doazón de calzado adecuado para nenos e nenas.

